Firma válida
Digitally signed by REXISTRO ELECTRÓNICO
Date: 2019.08.01 10:35:28 +02:00
Location: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
01 AGO. 2019
Núm. 16300

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 26 de xullo de 2019, tomou coñecemento da seguinte comunicación e acordou o seu traslado á Xunta de Galicia:

Comunicacións de entidades

— 52784 Escrito de D. Victor Barbeito Pose, responsable técnico do Centro Arqueolóxico do Barbanza, polo que achega suxestións ao Anteproxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2019

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2019.07.30 10:32:02 +02'00'

Sra. directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2019 13:28:12
Nº Rexistro: 52784
Data envío: 18/07/2019 13:28:12.448

Suxestións ao Anteproxecto da lei de museos e outros centros museísticos de Galicia

Víctor J. Barbeito Pose, con DNI 76966797B, con razón social na rúa Ramón Fernández Mato, 5-4º, 15930 Boiro, como responsable técnico do Centro Arqueolóxico do Barbanza, entidade administrativa e xuridicamente dependente do Concello de Boiro, recoñecida, autorizada e cualificada como colección visitable mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia 5/12/2012.

Atopándose *o Anteproxecto de lei de museos e outros centros museísticos de Galicia* en prazo para o envío de suxestións de acordo coa información dispoñible no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia,

EXPÓN:

1º - Na elaboración do Anteproxecto da lei non se contou (que nos conste) cun estudo da problemática do sector, xa que o que subscribe a presente, responsable dun equipamento museístico (colección visitable) legalmente recoñecida mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, non recibiu ningún tipo de solicitude nin acto semellante no que se estude, detalle, analice a situación dos equipamentos museográficos. Resulta especialmente preocupante cando cuantitativamente o número de museos e coleccións visitables (sen ter en conta os centros de interpretación) están en mans alleas á propia Administración autonómica, e segundo a pescuda realizada a compañeiros e compañeiras de profesión ao cargo de equipamentos con análoga situación tampouco participaron en ningún tipo de consulta, estudo ou similar, porén pódese inferir que a lei se fixo sen ter en conta unha parte importante do sector, e dicir, de costas a el, cando dende o puntos de vista numérico é o principal sobre o que se desenvolve a estrutura museográfica galega.

2º- Na redacción da lei, debería recollerse explicitamente a categoría profesional mínima para ostentar a dirección ou administración dos museos e outros centros museísticos, tal como se recolle para os centros dependentes da Administración autonómica, a lo menos para aqueles sustentados con fondos públicos.

3º Conforme a actual redacción do Anteproxecto de lei, deixa fóra do ámbito das funcións das coleccións museográficas a posibilidade de adquisición de pezas, máis a investigación das súas coleccións, da súa especialidade ou do seu respectivo ámbito cultural e territorial.

4º Vista a experiencia da normativa anterior, fundamentalmente a Lei 8/1995, e tamén a actual Lei 5/2016, que non tivo desenvolvemento normativo no título dedicado a Museos, sería máis que desexable que se recollese na lei un mínimo de horas de apertura dos centros museísticos, tal como se fixo, por exemplo, na Lei 5/2016, para o acceso os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente (artigo 48. Visita pública); ou pola contra, que se especifique na propia lei que se establecerá regulamentariamente (tal como se recolle no artigo 23.3 para o caso dos centros dependentes da CCAA).

5º Na actual redacción do Anteproxecto de lei se recolle un artigo, concretamente o artigo 22 de Incompatibilidades para o persoal dos centros museísticos de titularidade pública. Cabe sinalar que a regulación de incompatibilidades está integrada dentro do réxime estatutario dos empregados públicos. O artigo 103.3 da Constitución establece que unha lei regulará o sistema de incompatibilidades e garantías para a imparcialidade no exercicio das súas funcións; así mesmo, o artigo 149.1.18 da mesma Carta Magna establece que **é competencia exclusiva do Estado** ditar as bases do réxime xurídico das AAPP e do réxime estatutario dos seus funcionarios; porén, se aproba a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal al Servizo das Administracións Públicas que, como o seu nome indica, regula as incompatibilidades do persoal ao servizo das AAPP respectando o exercicio das actividades privadas que non impidan ou menoscaben o estrito cumprimento dos seus deberes; é por iso, que o citado artigo pode supor un conflito de orde competencial, entre o Estado e a CCAA, amén de restricións e menoscabo dos dereitos dos empregados públicos destinados a centros museísticos que non deixa de ser unha limitación da liberdade individual.

Doutra banda, cabe sinalar que o persoal ao servizo dos equipamentos museísticos acaba obtendo un perfil altamente especializado dentro do seu ámbito, o que o converte nun perfil moi axeitado para a realización de informes, consultarías e auditorías externas dentro do ámbito do patrimonio cultural, que asemade é quizais a única forma de promoción profesional dentro do seu ámbito, especialmente naqueles dependentes

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 18/07/2019 13:27:08
CSV: REXISTROOgavsvJjj9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2019 13:28:12
Nº Rexistro: 52784
Data envío: 18/07/2019 13:28:12.448

da Administración local, onde a carreira profesional está bloqueada, e que unha segunda actividade neste senso facilita o recoñecemento profesional e económico á vez que mellora o sector do patrimonio cultural, que se nutre da experiencia e saber acumulado polos xestores do patrimonio cultural.

6º Debería quedar recollido que o día 18 de maio, día internacional dos museos, e que debera ser gratuíto o acceso.

7º Xurde un problema na asignación de depósitos ou pre-depósitos arqueolóxicos a centros depositarios de titularidade non autonómica; entrando en conflito co 27.4 do borrador da lei; ao resultar imposible asignar a un centro depositario de titularidade non autonómica depósitos procedentes de intervencións arqueolóxicas nas condicións esixidas no citado artigo, e consecuentemente pode modificar ou deixar sen efectos (e crear inseguridade xurídica) o establecido no Decreto 199/1997, de 10 xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na CCAA de Galicia.

8º No artigo 36.3 paragrafo 2º, se sinala que os catálogos contarán cunha versión dixital, de acceso aberto, con fins sociais e educativos. Debería mudarse o concepto de versión dixital por versión electrónica ao abeiro do establecido no artigo 70 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, artigo 46 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, así como doutras disposicións concordantes (p.e. Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperatividade no ámbito da Administración Electrónica).

9º Debería aparecer recollido o réxime de depósito de achados arqueolóxicos na devandita norma de museos, xa que no artigo 99 da Lei 5/2016, se trata o asunto dos achados arqueolóxicos casuais, sinalando que <<poderá entregalos nun museo público>>. O Anteproxecto de lei non fai alusión a esta posibilidade.

10º En aras dunha maior seguridade xurídica debería dotarse á lei dunha disposición adicional na que se atendese a regularizar de acordo co establecido na nova lei aqueles depósitos de carácter permanente ou temporal para os cales non se seguiu o trámite contemplado no artigo 27 do Anteproxecto de lei.

Asinado por: Parlamento de Galicia
Data e hora: 18/07/2019 13:27:08

CSV: REXIS1K0Ugavsvuj9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/